
A ESCADA VERMELLA

Texto e ilustracións de FERNANDO PÉREZ HERNANDO

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 36 páx. 14 €

A escada vermella (galego)

ISBN 978-84-1343-129-1. Álbum ilustrado. Demademora.

La escalera roja (castelán)

ISBN 978-84-1343-130-7. Libros para soñar.

L'escala vermella (català)

ISBN 978-84-18558-31-3. Álbum ilustrat. Obras de autor/a.

A escada vermelha (português)

ISBN 978-989-749-155-9. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

The red ladder (English)

ISBN 978-84-8464-951-9. Books for dreaming.


*Había unha vez un paxaro
que sempre levaba unha escada.
Usaba a escada
para subir aos tellados,
para subir ás árbores ...*

Protagonizado por un paxaro inxenuo e un enxeñoso coello, «A escada vermella» é un divertido álbum para pre-lectores e primeiros lectores que destaca pola sinxeleza da súa proposta estética, figurativa e cun plantexamento secuencial.

Unha parte do relato é acumulativa, en tanto enumera accións e elementos que se repiten de forma consecutiva en sentido ascendente e descendente, creando un xogo mnemotécnico. A nivel narrativo presenta un sinxelo vocabulario que se complementa con antónimos que levan a lectura ata un desenlace onde se unen a lóxica e o humor.

Fronte á tenacidade do coello, a actitude do paxaro ten que ver coa falta de confianza na súa propia capacidade para acadar un obxectivo. Fernando Pérez Hernando propón pensar na esencia das cousas e das persoas, ao lembrarnos a cantidade de complicacións e de rodeos que damos -de aí o carácter simbólico da escada- para conseguir o que poderíamos lograr dunha forma sinxela, se tiveramos máis seguridade en nós mesmos.

A modo de fotogramas, as ilustracións -elaboradas con témpera e lapis de cor- seguen unha pauta cinematográfica. As tonalidades intensas, a alternancia de primeiros planos e planos xerais e os acenos á fantasía, completan esta simpática historia de trasfondo autobiográfico.




-
- **Temática:** autoestima, confianza en nós mesmos.
 - **Idade recomendada:** pre-lectores e primeiros lectores.
 - **Aspectos destacables:** vocabulario, antónimos, enumeracións; amizade, tenacidade; humor; tipografía (maiúsculas); do autor de «Chuvisca» (KALANDRAKA).
 - **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-escada-vermella-g>
-

Fernando Pérez Hernando

(Valladolid, 1973)

Estudou ilustración na Escola de Arte de Valladolid e graduouse en Educación Primaria -especialidade de Música- na Facultade de Educación e Traballo Social da mesma cidade. Completou a súa formación en talleres de gravado e álbum ilustrado. Antes de dedicarse á ilustración, labor que compaxina co seu posto de bibliotecario en Renedo de Esgueva, traballou como deseñador en axencias de comunicación, ademais de participar na creación dun estudio de deseño. Tamén imparte obradoiros de ilustración e creatividade para a infancia en bibliotecas, museos e encontros literarios.

<https://elabuelopinta.wixsite.com/elabuelopinta>



www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
